

Unha das maiores diferenzas entre a curtametraxe e o relato e tamén das máis evidentes, pos xa nos primeiros minutos a notamos, e é a presentación de máis personaxes e escenarios. Mentres que Álvaro Cunqueiro emprega un narrador externo para presentar a historia de Tristán e por que busca a unha muller que se chame Isolda, a adaptación da TVG comeza por mostrarnos a un pequeno Tristán co que se meten na escola polo seu nome, e que vive cos seus pais, que explican o porqué dese nome, e coa súa avoa, quen prevé o futuro do seu neto. Así danlle máis vida ao protagonista e ás persoas que o rodean, pois inclusive ten unha moza, Carolina. Estas alteracións, non obstante, son necesarias para dotar de vida ao curto relato e axudar a que os espectadores teñan interese en mirala, aínda que o cambio de localización de León a Lugo probablemente realizouse para facilitar a gravación. Podemos atopar outro exemplo do anteriormente dito no sarxento Recuero, pois na curtametraxe dótaselle de maior profundidade ao darlle unha gran carga emocional polo seu ímpeto por cumprir a promesa que lle fixera ao seu avó Tristán de axudar a todos aqueles que se chamasen igual, motivo polo que ascende a cabo ao protagonista (feito que non ocorre no conto) e dálle un permiso para dar unha volta por Lugo unha tarde, sendo durante este cando vai ao quiosco no que compra a novela de *Tristán e Isolda*, que provoca a súa busca dunha moza con ese nome. A última diferenza é que a adaptación non remata no mesmo punto que o relato, senón que tamén vemos ao protagonista no tren de volta, algo triste polo seu “desengano amoroso”, e é alí onde atopa a outra muller chamada Isolda, que é cantante e precisa un guitarrista. Este será Tristán, ao que súa nai xa vía “cara de guitarrista”, e así remata a curtametraxe, onde o protagonista parece ter un final feliz, contrariamente ao que ten no conto.

Beatriz Ferradás Pacheco, 2º BACH A